



Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P86000041
Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)
Tf. 986527080 - Fax 986528700
e-mail : concello@ailladearousa.es

CADRO RESUME MODELO DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES

A. PODER ADXUDICADOR				
ADMINISTRACIÓN CONTRATANTE:	CONCELLO DE A ILLA DE AROUSA			
ÓRGANO DE CONTRATACIÓN:	Xunta de Goberno Local			
SERVIZO XESTOR:	SECRETARÍA			
Data Providencia de inicio do expediente de contratación: 06 de agosto de 2018				
Perfil de contratante: www.ailladearousa.es/contratacion				
Dirección do órgano de contratación: Rúa Palmeira n.º 25 – 36626 A ILLA DE AROUSA				
Correo electrónico do órgano de contratación: concello@ailladearousa.es				
B. PROCEDIMENTO DE ADXUDICACIÓN				
Número de Expediente	1571/2018	Tipo de Contrato:	OBRAS	
Tipo de Procedemento	ABERTO SIMPLIFICADO SUMARIO	Tramitación:	ORDINARIA	
		Tramitación anticipada:	SI NON	
Forma de presentación de ofertas: Manual Electrónica Manual e Electrónica				
Cabe recurso especial: SI NON				
Contrato suxeito a regulación harmonizada: SI NON				
Directiva aplicable:				
C. DEFINICIÓN DO OBXECTO DO CONTRATO				
Definición do obxecto do contrato: “ <u>Mellora de Camiños Municipais 2018-2019 Pavimentación do Camiño a Gradín</u> “				
Limitacións: SI NON		Número máximo de lotes por licitador: NON LOTES.		
Oferta integradora: SI NON		Combinacións de lotes: NON LOTES.		
D. ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN				
Orzamento base IVE excluído: 40.164,00 €	Tipo de IVE aplicable: 21% (8.434,44 €)		Orzamento base IVE incluído: 48.598,44 €	
Aplicación orzamentaria: 153.61901				
E. VALOR ESTIMADO				
Orzamento base de licitación (IVE excluído)			40.164,00 €	
Importe das modificacións previstas (IVE excluído):			0,00	
Importe das opcións eventuais (IVE excluído):			0,00	
Importe das primas pagaderas aos licitadores (IVE excluído):			0,00	
Prórroga (IVE excluído):			0,00	
TOTAL VALOR ESTIMADO:			40.164,00 €	
F. RÉXIME DE FINANCIAMENTO				
Comunidade Autónoma		Concello		Outros
82,644628 %		17,355372 %		%
G. ANUALIDADES				
Exercicio	A cargo da Admón. CCAA	A cargo do Concello	A cargo doutros	TOTAL



Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P86000041
Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)
Tf. 986527080 - Fax 986528700
e-mail : concello@ailladearousa.es

2018	40.164,00 €	8.434,00 €	0,00	48.598,44 €
TOTAL				
H. PRAZO DE EXECUCIÓN		I. PRÓRROGA		J. PRAZO DE GARANTÍA
SI NON		SI NON		
DOUS MESES		Duración máxima:		Ata un máximo de 5 anos (segundo oferta)
K. ADMISIBILIDAD DE VARIANTES				
SI NON				
L. CONDICIÓN ESPECIAIS DE EXECUCIÓN				
SI (cláusula 20ª) NON				
M. REVISIÓN DE PREZOS				
SI NON Fórmula: _____				
N. GARANTÍAS				
PROVISIONAL : NON		ASCENDE A _____ %.		
DEFINITIVA : SI		ASCENDE A 5 % ADXUDICACIÓN EXCLUIDO IVE		
COMPLEMENTARIA: NON		ASCENDE A _____ %		
Ñ. ADSCRICIÓN OBRIGATORIA DE MEDIOS				
SI (cláusula 8ª) NON				
O. SUBROGACIÓN				
SI (cláusula 24ª) NON				
P. SUBCONTRATAÇÃO				
SI (cláusula 22ª) NON				
Q. MODIFICACIÓN CONTRACTUAIS PREVISTAS				
SI NON				
R. DATOS DE FACTURACIÓN - Entidade contratante: Concello de A Illa de Arousa				
Órgano Xestor	CODIGO DIR3 L01369011			
Unidade tramitadora	CÓDIGO DIR3 O00008919			
Oficina Contable	CÓDIGO DIR3 O00008919			



Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P86000041
Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)
Tf. 986527080 - Fax 986528700
e-mail : concello@ailladearousa.es

Expediente núm.: 1571/2018

Prego de Cláusulas Administrativas Particulares

Procedemento: Contrato de Obras por Procedemento Aberto Simplificado Sumario

Asunto: “Mellora de Camiños Municipais 2018-2019 Pavimentación de Camiño a Gradín”, financiado con cargo á Subvención outorgada por Agader dentro do Plan de mellora de camiños 2018-2019

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA O CONTRATO DE OBRAS DE “PAVIMENTACIÓN DO CAMIÑO A GRADÍN” POR PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO SUMARIO

CLÁUSULA PRIMEIRA. Obxecto e cualificación

1.1 Descrición do obxecto do contrato

O obxecto do contrato é a execución das obras correspondentes ao proxecto:

Obxecto:	“ Mellora de Camiños Municipais 2018-2019 Pavimentación do Camiño a Gradín”,		
Autor do Proxecto	Titulación	Orzamento	Data aprobación
Pastora Parada Portas	Arquitecta –Departamento Urbanismo Concello	48.598,44 € IVE incluido	25/01/2018

A necesidade que se debe satisfacer co contrato é: prestar servizos de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación de camiños e vías rurais, de conformidade coa obriga que a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local lle encomenda aos municipios.

O contrato definido ten a cualificación de contrato administrativo de obras, de acordo co artigo 13 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

1.2 División en lotes do obxecto do contrato

O obxecto do contrato non é susceptible de ser dividido en lotes.

1.3 Códigos de identificación das prestacións obxecto do contrato

O obxecto do contrato identifícase cos códigos seguintes:

Código CPV	Descrición
1	45233141-9 Traballos de reparación de estradas
2	45233142-6 Traballos de mantemento de estradas

CLÁUSULA SEGUNDA. Procedemento de Selección e Adxudicación



Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P86000041
Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)
Tf. 986527080 - Fax 986528700
e-mail : concello@ailladearousa.es

A forma de adxudicación de contrato será o procedemento aberto simplificado sumario, no que todo empresario interesado poderá presentar unha proposición, quedando excluída toda negociación dos termos do contrato cos licitadores.

A adxudicación do contrato realizarase utilizando unha pluralidade de criterios de adxudicación en base á mellor relación calidade-prezo de conformidade co que se establece na cláusula décima.

CLÁUSULA TERCEIRA. Perfil de contratante

Co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á súa actividade contractual, e sen prexuízo da utilización doutros medios de publicidade, este Concello conta co Perfil de Contratante na Plataforma de Contratos de Galicia, ao que se terá acceso segundo as especificacións que se regulan na páxina web seguinte: <https://www.contratosdegalicia.gal>

CLÁUSULA CUARTA. Valor estimado do contrato e Orzamento base de Licitación

O valor estimado do contrato é de 40.164,00 euros, IVE excluído.

O Orzamento base de Licitación no tempo de duración do contrato é de 40.164,00 euros, e 8.434,44 euros en concepto de IVE, cun total de 48.598,44 euros.

CLÁUSULA QUINTA. Existencia de crédito

As obrigas económicas do contrato abonaranse con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias, no seu caso:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe
2018	153.61900	48.598,44 €

O contrato abonarase con cargo á aplicación arriba indicada do orzamento municipal, na que existe crédito suficiente para a súa financiación segundo consta no Informe de Secretaría-Intervención mediante a oportuna retención de crédito.

O contrato atópase subvencionado pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural da Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia, dentro do plan de mellora de camiños municipais 2018-2019, segundo Resolución do director xeral de Agader de 25 de maio de 2018, por importe de 40.164,00 euros, correspondendo ó Concello o financiamento restante.

CLÁUSULA SEXTA. Revisión de prezos

Non cabe a revisión de prezos.

CLÁUSULA SÉTIMA. Prazo de Execución e Emprazamento

O **prazo de execución** será de **DOUS MESES**. Non obstante, ó estar a contratación financiada con cargo á subvención concedida pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural



Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P86000041
Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)
Tf. 986527080 - Fax 986528700
e-mail : concello@ailladearousa.es

(AGADER) o adxudicatario está obrigado a comprometerse a ter executada e xustificada o 50% da obra, por un importe de 24.299,22 euros (IVE incluído) antes do día 01/11/2018, agás que se concedese prórroga no prazo de xustificación. Neste caso estaríase á esta última data, circunstancia que será comunicada ao adxudicatario por parte do órgano de contratación.

O inicio do prazo de execución do contrato comezará ca acta de comprobación do reformulo. Dentro do prazo que se consigne no contrato, que non poderá ser superior a un mes desde a data da súa formalización salvo casos excepcionais xustificados, o servizo da Administración encargada da obra procederá, en presenza do contratista, a efectuar a comprobación do reformulo.

CLÁUSULA OITAVA. Acreditación da Aptitude para Contratar

Poderán presentar proposicións as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, non estean incursas en prohibicións de contratar, e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.

1. A capacidade **de obrar** dos empresarios e a non **concorrenza de prohibicións de contratar** acreditarase mediante a inscrición no **Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público**.

A inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público acredita, a tenor do nel reflectido e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario en canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, solvencia económica e financeira e técnica ou profesional, clasificación e demais circunstancias inscritas, así como a concorrenza ou non concorrenza das prohibicións de contratar que deban constar no mesmo.

Non obstante, terase en conta o disposto na Disposición Transitoria 3ª da LCSP: “Hasta que transcurran seis meses de la entrada en vigor de la presente Ley y resulte exigible, por tanto, la obligación establecida para el procedimiento abierto simplificado en la letra a) del apartado 4 del artículo 159, de estar inscrito en el Registro Oficial de Licitadores y Empresas Clasificadas o registro equivalente, la acreditación de la capacidad, solvencia y ausencia de prohibiciones de contratar se realizará en la forma establecida con carácter general.”

2. A solvencia **do empresario**:

2.1 A solvencia económica e financeira do empresario deberá acreditarse por calquera dos medios seguintes:

a) Volume anual de negocios, ou ben volume anual de negocios no ámbito ao que se refira o contrato, referido ao mellor exercicio dentro do tres últimos dispoñibles en función das datas de constitución ou de inicio de actividades do empresario e de presentación das ofertas por importe igual ou superior a 60.246,00 euros.

b) Xustificante da existencia dun seguro de responsabilidade civil por riscos profesionais por importe igual ou superior a 100.000 euros, por riscos profesionais, cun prazo mínimo de vixencia de dous anos dende a sinatura do contrato.



Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P86000041

Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)

Tf. 986527080 - Fax 986528700

e-mail : concello@ailladearousa.es

2.2. Nos contratos de obras, a solvencia **técnica** do empresario deberá ser acreditada por calquera dos medios seguintes:

a) Relación das obras executadas no curso do cinco últimos anos, que sexan do mesmo grupo ou subgrupo de clasificación que o correspondente ao contrato ou do grupo ou subgrupo máis relevante para o contrato se este inclúe traballos correspondentes a distintos subgrupos, avalada por certificados de boa execución.

b) Indicación do persoal técnico ou organismos técnicos, integradas ou non na empresa, dos que esta dispoña para a execución das obras.

c) Declaración indicando a maquinaria, material e equipo técnico do que se disporá para a execución das obras, á que se achegará a documentación acreditativa pertinente cando lle sexa requirido polos servizos dependentes do órgano de contratación.

Nos contratos cuxo valor estimado sexa inferior a 500.000 euros, cando o contratista sexa unha empresa de nova creación, entendendo por tal aquela que teña unha antigüidade inferior a cinco anos, a súa solvencia técnica acreditarase por un ou varios dos medios a que se refiren as letras b) e c) anteriores, sen que en ningún caso sexa aplicable o establecido na letra a), relativo á execución dun número determinado de obras.

3. A inscrición no **Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público** no grupo G “Viales y pistas”, subgrupos 4 ou 6, acreditará a súa solvencia económica e financeira e solvencia técnica para contratar.

CLÁUSULA NOVENA. Presentación de Proposicións e Documentación Administrativa

9.1 Condicións previas

As proposicións dos interesados deberán axustarse ós pregos e documentación que rexen a licitación, e a súa presentación supón a aceptación incondicionada polo empresario do contido da totalidade das súas cláusulas ou condicións, sen excepción ou reserva algunha.

Cada entidade licitadora non poderá presentar máis dunha proposición, nin subscribir ningunha proposta en unión temporal con outros se o fixo individualmente ou figurar en máis dunha unión temporal. A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as propostas por el subscritas.

9.2 Lugar e prazo de presentación de ofertas

Para a licitación do presente contrato, non se esixe a presentación de ofertas utilizando medios electrónicos debido a que o emprego de medios electrónicos require equipos ofimáticos especializados dos que non dispón o órgano de contratación, ao abeiro do disposto no punto terceiro da Disposición Adicional Décimo Quinta da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

As ofertas presentaranse exclusivamente no rexistro do Concello de A Illa de Arousa, con domicilio en Rúa Palmeira nº 25 en horario de 9:00 a 13:30 de Luns a venres, dentro do



Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P86000041
Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)
Tf. 986527080 - Fax 986528700
e-mail : concello@ailladearousa.es

prazo de **DEZ DÍAS HÁBILES** contados a partir do día seguinte ao de publicación do anuncio de licitación no Perfil de contratante.

9.3. Información aos licitadores

Cando sexa preciso solicitar a información adicional ou complementaria a que se refire o artigo 138 da LCSP, a Administración contratante deberá facilitala, polo menos, seis días antes de que finalice o prazo fixado para a presentación de ofertas, sempre que dita petición se presente cunha antelación mínima de doce días respecto daquela data. Dita solicitude efectuarase ao número de fax ou á dirección de correo electrónico previsto no anuncio de licitación.

9.4 Contido das proposicións

As proposicións para tomar parte na licitación presentaranse nun sobre pechado, asinados polo licitador, nos que se fará constar a denominación do sobre e a lenda «Proposición para licitar á contratación das obras de *Mellora de Camiños Municipais 2018-2019 Pavimentación do Camiño de Gradín* - A denominación dos sobres é a seguinte:

SOBRE «A»

DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA, PROPOSICIÓN ECONÓMICA E DOCUMENTACIÓN CUANTIFICABLE DE FORMA AUTOMÁTICA

a) Declaración Responsable do licitador indicativa do cumprimento das condicións establecidas legalmente para contratar coa Administración.

A declaración responsable presentarase conforme ao modelo incluído no Anexo do presente prego.

No caso de que os requisitos de solvencia económica e financeira ou técnica e profesional esixidos varíen dun lote a outro, achegarase unha declaración responsable por cada lote ou grupo de lotes ao que se apliquen os mesmos requisitos de solvencia.

No caso de que a adscrición de medios esixida se cumpra con medios externos ao licitador, deberá presentarse unha declaración responsable polo licitador e por cada un dos medios adscritos á execución do contrato.

Se varias empresas concorren constituíndo unha unión temporal, cada unha das que a compoñen deberá acreditar a súa personalidade, capacidade e solvencia, presentando todas e cada unha presentar a correspondente declaración responsable.

b) Proposición económica e ampliación do prazo de garantía.

Presentarase conforme ao seguinte modelo:

« _____, con domicilio a efectos de notificacións en _____, _____, núm. ____, con NIF núm. _____, en representación da Entidade _____, con NIF núm. _____, decatado do



Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P86000041
Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)
Tf. 986527080 - Fax 986528700
e-mail : concello@ailladearousa.es

expediente para a contratación das obras de *Mellora de Camiños Municipais 2018-2019 Pavimentación do Camiño de Gradín* por procedemento aberto simplificado sumario, anunciado no Perfil do contratante, fago constar que coñezo o Prego que serve de base ao contrato e acéptoo integramente, tomando parte da licitación e comprometéndome a levar a cabo o obxecto do contrato dacordo coa seguinte oferta:

1º. Polo importe de _____ euros e _____ euros correspondentes ao Imposto sobre o Valor Engadido.

2º. Ampliación do prazo de garantía (sobre o mínimo de 1 ano esixido) : _____ anos.

En _____, a ____ de _____ de 20__.

Sinatura do candidato,

Asdo.: _____.».

c) Documentos relativos á oferta, distintos do prezo, que se deban cuantificar de forma automática.

CRITERIO	OFERTA
Ampliación do prazo de garantía (sobre o mínimo de 1 ano esixido)	_____ anos (máximo 5)

O prazo ofertado inclúese no modelo de proposición indicado no apartado anterior.

CLÁUSULA DÉCIMA. Criterios de Adxudicación

Para a valoración das proposicións e a determinación da mellor oferta atenderase a unha pluralidade de criterios de adxudicación en base á mellor relación calidade-prezo.

A. Criterios cuantificables automaticamente, puntuaranse en orde decrecente:

— **Prezo: de 0 a 6 puntos.**

A oferta máis baixa das admitidas valorarase con 6,00 puntos.

As ofertas intermedias valoraranse de acordo ca fórmula que se indica a continuación:

$$\text{Puntuación máxima} \times \frac{\text{Prezo licitación} - \text{Prezo ofertado}}{\text{Prezo licitación} - \text{Prezo máis baixo}}$$

As ofertas económicas que presenten os licitadores non poderán superar en ningún caso o importe sinalado como orzamento base de licitación.

Este prezo poderá ser mellorado á baixa polos licitadores.



Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P86000041
Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)
Tf. 986527080 - Fax 986528700
e-mail : concello@ailladearousa.es

— **Ampliación prazo de garantía (sobre o prazo mínimo de 1 ano esixido): de 0 a 4 puntos.**

Calcularase do seguinte xeito:

- Ampliación en 1 ano:** 1 punto
- Ampliación en 2 anos:** 2 puntos
- Ampliación en 3 anos:** 3 puntos
- Ampliación en 4 anos:** 4 puntos

CLÁUSULA UNDÉCIMA. Admisibilidade de Variantes

Non se admiten variantes.

CLÁUSULA DUODÉCIMA. Ofertas anormalmente baixas

Cando en aplicación dos parámetros establecidos nos criterios de valoración das ofertas, algunha delas estea incurso en presunción de anormalidade, concederase aos licitadores afectados un prazo de cinco días hábiles para que poidan presentar unha xustificación axeitada das circunstancias que lles permiten executar dita oferta nesas condicións, cos criterios que se sinalan respecto diso no artigo 149.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

Considerarase, en principio, como desproporcionada ou anormal as ofertas que estean nos seguintes supostos:

- **Número de ofertas: 1.** A oferta é con valores anormais ou desproporcionados se é inferior ao prezo de licitación en máis dun 16,67% o que equivale a dicir que a súa baixa porcentual é superior a 16,67%

- **Número de ofertas: 2.** Unha das ofertas resulta con valores anormais ou desproporcionados se é inferior a outra en máis dun 13,33%.

- **Número de ofertas: 3.** Serán ofertas con valores anormais ou desproporcionados aquelas que sexan inferiores á media aritmética das ofertas presentadas en máis dun 6,67% da dita media.

Con todo, excluírase para o cómputo da media, a oferta máis elevada, cando sexa superior á media de todas en máis dun 6,67% desta. En calquera caso, consideraranse ofertas con valores anormais ou desproporcionados todas aquelas con baixas porcentuais superiores a 16,67%.

- **Número de ofertas: 4 ou máis.** Consideraranse con valores anormais ou desproporcionados aquelas ofertas que sexan inferiores á media das ofertas presentadas en máis dun 6,67% da dita media. No entanto, se entre elas existen ofertas que sexan superiores a esa media en máis dun 6,67% desta, calcularase unha nova media só coas ofertas que non estean no suposto indicado. En todo caso, se o número das restantes ofertas é inferior a tres, a nova media calcularase sobre as tres ofertas de menor contía.



Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P86000041
Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)
Tf. 986527080 - Fax 986528700
e-mail : concello@ailladearousa.es

Documentación que se ha achegar para apreciar ou non o carácter desproporcionado ou anormal da oferta.

A documentación que se ha achegar para apreciar ou non o carácter desproporcionado ou anormal da oferta presentaranse en papel ou en CD (formato dixital PDF con firma electrónica).

Os licitadores con ofertas inicialmente, con valores anormais ou desproporcionados, dentro do prazo concedido para o efecto, deberán presentar a seguinte documentación:

1. Xustificación de prezos ofertados:

Materiais

A.1 Compra

- Carta de compromiso dos provedores
- Prezos detallados

A.2 Medios propios e/ou materiais de produción propia (por disposición de canteiras, almacén ou similares)

A. Relación detallada dos medios propios con indicación do seu custo individualizado ou prezo de venda ao público

B. Oferta detallada por unidades co mesmo detalle que aparece descrito no proxecto técnico.

Recibidas as xustificacións, a Mesa solicitará un informe técnico, xeralmente ao funcionario que realice o prego de prescricións técnicas, o proxecto ou o estudo económico do contrato, ou a todos en conxunto, que analice detalladamente as motivacións que argumente o licitador para poder manter a súa oferta.

En todo caso, rexeitaranse as ofertas se se comproba que son que son anormalmente baixas porque vulneran o normativa sobre subcontratación ou non cumpren as obrigacións aplicables en materia ambiental, social ou laboral, nacional ou internacional, incluíndo o incumprimento dos convenios colectivos sectoriais vixentes.

Á vista das xustificacións dos contratistas cuxa oferta sexa clasificada como desproporcionada e do informe técnico municipal que as analice, a Mesa de Contratación, propondrá ao órgano de contratación motivadamente a admisión da oferta ou a súa exclusión.

CLÁUSULA DÉCIMO TERCEIRA. Preferencias de Adxudicación en caso de Empates

Cando tras efectuar a ponderación de todos os criterios de valoración establecidos para o lote ou lotes ou oferta integradora de que se trate, prodúzase un empate na puntuación outorgada a dúas ou máis ofertas, utilizaranse os seguintes criterios para resolver dita igualdade:

- 1º: A oferta que obtivera maior puntuación no criterio prezo.



Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P86000041
Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)
Tf. 986527080 - Fax 986528700
e-mail : concello@ailladearousa.es

2º: A oferta que obtivera unha maior puntuación no criterio ampliación de garantía.

3º. Maior porcentaxe traballadores con discapacidade.

A documentación acreditativa dos criterios de desempate a que se refire o presente apartado será achegada polos licitadores no momento en que se produza o empate, e non con carácter previo.

CLÁUSULA DÉCIMO CUARTA. Mesa de Contratación

A Mesa de contratación será o órgano competente para efectuar a valoración das ofertas e cualificar a documentación administrativa, e actuará conforme ao previsto no artigo 326 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 e no Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, desenvolvendo as funcións que nestes establécense.

A Mesa de Contratación, de acordo co establecido no punto 7 da Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, estará presidida por un membro da Corporación ou un funcionario da mesma, e formarán parte dela, como vogais, o Secretario ou, no seu caso, o titular do órgano que teña atribuída a función de asesoramento xurídico, e o Interventor, ou, no seu caso, o titular do órgano que teña atribuídas a función de control económico-orzamentario, así como aqueloutros que se designen polo órgano de contratación entre o persoal funcionario de carreira ou persoal laboral ao servizo da Corporación, ou membros electos da mesma, sen que o seu número, en total, sexa inferior a tres. Os membros electos que, no seu caso, formen parte da Mesa de contratación non poderán supor máis dun terzo do total de membros da mesma. Actuará como Secretario un funcionario da Corporación.

A súa composición é a seguinte:

PRESIDENTE: O Alcalde do Concello de A Illa de Arousa ou membro da Corporación en quen delegue.

VOGAIS:

- Un Concelleiro da Corporación nomeado pola Alcaldía.
- Dous traballadores do Concello pertencentes á plantilla de persoal funcionario ou laboral.
- O Secretario-Interventor do Concello.

SECRETARIO: Un funcionario do Concello.

CLÁUSULA DÉCIMO QUINTA. Apertura de Proposicións

A Mesa de Contratación constituirase tras a finalización do prazo de presentación das proposicións.



Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P86000041
Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)
Tf. 986527080 - Fax 986528700
e-mail : concello@ailladearousa.es

A Mesa de Contratación procederá á apertura dos Sobres «A», que conteñen a documentación administrativa, a proposición económica e documentación cuantificable de forma automática.

Tras a lectura das proposicións, e previa exclusión das ofertas que non cumpran os requirimentos, a Mesa procederá á avaliación e clasificación das ofertas.

Á vista do resultado, a Mesa de Contratación propondrá ao adxudicatario do contrato.

Realizada a proposta de adxudicación, a mesa de contratación procederá, no mesmo acto, a comprobar no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas que a empresa está debidamente constituída, que o asinante da proposición ten poder bastante para formular a oferta, ostenta a solvencia económica, financeira e técnica ou, no seu caso a clasificación correspondente e non está incurso en ningunha prohibición para contratar.

De acordo co disposto no artigo 139.1 LCSP, a presentación das proposicións supón a autorización á mesa e ao órgano de contratación para consultar os datos recollidos no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público ou nas listas oficiais de operadores económicos nun Estado membro da Unión Europea.

CLÁUSULA DÉCIMO SEXTA. Requiremento de Documentación

No mesmo acto, a mesa de contratación requirirá, mediante comunicación electrónica, ao licitador que presente a mellor oferta para que, dentro do prazo de sete días hábiles desde a data do envío da comunicación, constituía a garantía definitiva, así como, de ser o caso, para que achegue o compromiso ao que se refire o artigo 75.2 da LCSP e a documentación xustificativa de que dispón efectivamente dos medios que se comprometeu a dedicar ou adscribir á execución do contrato conforme ao artigo 76.2 da LCSP.

No caso de que no prazo outorgado ao efecto o candidato proposto como adxudicatario non presente a garantía definitiva, efectuarase proposta de adxudicación a favor do seguinte candidato en puntuación, outorgándolle o correspondente prazo para constituír a citada garantía definitiva.

CLÁUSULA DECIMOSÉPTIMA. Garantía Definitiva

O licitador que presentase a mellor oferta deberá acreditar a constitución da garantía dun 5% do prezo final ofertado, excluído o Imposto sobre o Valor Engadido.

Esta garantía poderá prestarse nalgunha das seguintes formas:

a) En efectivo ou en valores, que en todo caso serán de Débeda Pública, con suxeición, en cada caso, ás condicións establecidas nas normas de desenvolvemento desta Lei. O efectivo e os certificados de inmovilización dos valores anotados depositaranse na Caixa Xeral de Depósitos ou nas súas sucursais encadradas nas Delegacións de Economía e Facenda, ou nas Caixas ou establecementos públicos equivalentes das Comunidades Autónomas ou Entidades locais contratantes ante as que deban fornecer efectos, na forma e coas condicións que as normas de desenvolvemento desta Lei establezan, sen prexuízo do disposto para os contratos que se celebren no estranxeiro.



Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P86000041
Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)
Tf. 986527080 - Fax 986528700
e-mail : concello@ailladearousa.es

b) Mediante aval, prestado na forma e condicións que establezan as normas de desenvolvemento desta Lei, por algún dos bancos, caixas de aforros, cooperativas de crédito, establecementos financeiros de crédito e sociedades de garantía recíproca autorizados para operar en España, que deberá depositarse nos establecementos sinalados na letra a) anterior.

c) Mediante contrato de seguro de caución, celebrado na forma e condicións que as normas de desenvolvemento desta Lei establezan, cunha entidade aseguradora autorizada para operar no ramo. O certificado do seguro deberá entregarse nos establecementos sinalados na letra a) anterior.

A garantía non será devolta ou cancelada ata que se produca o vencemento do prazo de garantía e cumprido satisfactoriamente o contrato.

Esta garantía responderá dos conceptos incluídos no artigo 110 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, e transcorrido un ano (ou o maior prazo de garantía ofertado) desde a data de terminación do contrato, sen que a recepción formal e a liquidación tivesen lugar por causas non imputables ao contratista, procederase, sen máis demora, á súa devolución ou cancelación unha vez depuradas as responsabilidades a que se refire o citado artigo 110.

A acreditación da constitución da garantía poderá facerse mediante medios electrónicos.

CLÁUSULA DÉCIMO OITAVA. Adxudicación do Contrato

Presentada a garantía definitiva, nun prazo non superior a 5 días, procederase a adxudicación e formalización do Contrato Administrativo.

No caso de que no prazo outorgado ao efecto o candidato proposto como adxudicatario non presente a garantía definitiva, efectuarase proposta de adxudicación a favor do seguinte candidato en puntuación, outorgándolle o correspondente prazo para constituír a citada garantía definitiva.

A adxudicación, que deberá ser motivada, notificarase aos candidatos ou licitadores, debendo ser publicada no perfil de contratante no prazo de 15 días.

CLÁUSULA DECIMONOVENA. Formalización do Contrato

A formalización do contrato en documento administrativo efectuarase non máis tarde do quince días hábiles seguintes a aquel en que se realice a notificación da adxudicación aos licitadores e candidatos; constituíndo devandito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público.

O contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, correndo do seu cargo os correspondentes gastos.

Cando por causas imputables ao adxudicatario non se formalizou o contrato dentro do prazo indicado esixíraselle o importe do 3 por cento do orzamento base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade, que se fará efectivo en primeiro lugar contra a garantía definitiva, se se constituíu.



Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P86000041
Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)
Tf. 986527080 - Fax 986528700
e-mail : concello@ailladearousa.es

CLÁUSULA VIXÉSIMA. Condicións Especiais de Execución do Contrato

Establécense as seguintes condicións especiais de execución do contrato, de acordo co establecido no artigo 202 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público:

1ª. Cumprimento do convenio colectivo aplicable: o adxudicatario, ademais de cumprir, respecto dos traballadores/as vinculados/as á execución do contrato, as disposicións legais, regulamentarias e convencionais vixentes en material laboral, de seguridade social e de seguridade e saúde no traballo, deberá cumprir o convenio colectivo aplicable, respectando as condicións que, respecto da subrogación de traballadores/as se estableza en dito convenio e abonando, en todo caso, alomenos o salario recollido no mesmo segundo a categoría profesional que lle corresponde á/ao traballador/a.

2ª O mantemento e mellora dos valores medioambientais que poidan verse afectados pola execución do contrato.

CLÁUSULA VIXESIMO PRIMEIRA. Dereitos e Obrigacións das Partes

21.1 Abonos ao contratista

A efectos do pago a Administración expedirá mensualmente, no primeiros dez días seguintes ao mes ao que correspondan, certificacións que comprendan a obra executada conforme ao proxecto durante devandito período de tempo, que terán o concepto de pagos a conta suxeitos ás rectificacións e variacións que se produzan na medición final. Estas certificacións mensuais en ningún caso suporán a aprobación e recepción das obras.

